

A

a¹ (*pl. aes*) *f.* **1.** *A m.*, [primeira letra do alfabeto e primeira vogal]. **2.** *A m.*, [nome desta letra]. *Obs.* O seu plural é *as*. **3.** *Mús. A m.*, [notación medieval, referente á nota *lá*]. **4.** *Filos. A m.*, [símbolo da proposición universal afirmativa]. **5.** *Matem. A m.*, [símbolo da unidade de medida de superficie denominada *área*].

a² *prep.* *A.*

abad *m.* **1.** Abade, [superior dun mosteiro ou dalgunhas colexiatas]. **2.** Abade, crego, cura, [sacerdote titular dunha parroquia].

abadejo *m.* **1.** Bacallau (*Gadus morhua*), [peixe osteíteo dos gáldidos]. *Sin.* **bacalao**. **2.** Abadexo, corbello (*Pollachius pollachius*), [peixe teleósteo semellante ao bacallau]. **3.** Papuxa *f.* (*Sylvia undata*), [paxaro da familia dos dentirrostrós]. *Sin.* **reyezuelo**. **4.** Cantáride *f.* (*Lytta vesicatoria*), [insecto coleóptero]. *Sin.* **cantárida**.

abadesa *f.* Abadesa.

abadía *f.* **1.** Abadía, [dignidade de abade ou de abadesa]. **2.** Abadía, [mosteiro dirixido por un abade ou unha abadesa]. **3.** Abadía, [territorio, xurisdición, bens ou rendas pertencentes ao abade ou á abadesa]. **4.** Abadía, reitoral (*pl.* reitorais), [casa do cura párroco pertencente á Igrexa]. *Sin.* **rectoral**, **rectoría**. **5.** Abadía, [tributo ou lutuosa pagados ao párroco cando morría alguén].

abajo *adv. l.* **1.** Abaixo, embaixo, [nun lugar ou grao inferior]. **2.** Abaixo, [en dirección descendente]. ♦ *Ant.* **arriba**.

abalanzar *v. tr.* **1.** Abalanzar, guindar, [impulsar ou lanzar con enerxía algunha cousa].

2. Abalanzar, [equilibrar a balanza engadindo ou quitando peso]. **3.** *v. pr.* Abalanzarse, lanzarse, [botarse decididamente sobre alguén ou algo]. *Sin.* **lanzarse**, **arrojarse**.

abalorio *m.* **1.** Abelorio, doa *f.*, [boliña furada, de vidro ou doutro material, que se usa para facer adornos e labores en tecidos]. **2.** Abelorio, colar, [pulseira ou adorno formado polo conxunto destas boliñas].

abanderar *v. tr.* **1.** Abandeirar, [matricular ou rexistrar un barco baixo a bandeira dun país determinado]. **2.** *fig.* Abandeirar, [pórse á fronte dunha causa, dunha idea, dun movemento etc.].

abandonado -a *adj. y s.* **1.** Abandonado, desleixado, leilán (*f.* leilá), [(dise da) persoa despreocupada polo seu aspecto, polo seu aseo persoal ou polas súas obrigas]. *Sin.* **descuidado**. **2.** *adj.* Abandonado, [que quedou sen dono ou sen protección]. **3.** Abandonado, deserto, deshabitado, [que quedou sen habitantes]. *Sin.* **desierto**, **deshabitado**.

abandonar *v. tr., i. y pr.* Abandonar(se).

abanicar *v. tr. y pr.* Abanicar(se), abanar(se).

abanico *m.* **1.** Abano, abanico, abanador, [instrumento para producir aire ou para se airear ao movelo dun lado para outro]. *Sin.* **abano**. **2.** *fig.* Abano, abanico, [conxunto de opcións, posibilidades etc.]. **3.** *fig.* Sabre, [arma].

abarcar *v. tr.* **1.** Abarcar, abranguer, abrazar, [cinguir cos brazos]. *Sin.* **abrazar**, **ceñir**, **rodear**. **2.** Abarcar, abranguer, comprender,

incluir, [conter en si]. *Sin. alcanzar, comprender, contener, cubrir, englobar, incluir.* 3. Abarcar, abranguer, [alcanzar ou dominar coa vista un determinado espazo ou unha determinada extensión]. 4. Abarcar, abranguer, [ocuparse ou facerse cargo alguén de varias cousas ao mesmo tempo].

abarrotar *v. tr. y pr.* Abarrotar(se), ategar(se), atestar(se), [encher ou encherse completamente un lugar ou espazo]. *Sin. atestar(se).*

abastecer *v. tr.* 1. Abastecer, [fornecer do necesario a unha persoa, a unha cidade etc.]. *Sin. abastar, proveer, surtir. Ant. desabastecer.* 2. *v. pr.* Abastecerse, [facer provisión do necesario]. *Sin. abastarse, aprovisionarse, proveer.*

abatimento *m.* 1. Abatemento, [acción e efecto de abater ou abaterse]. 2. Humillación *f.*, abaixamento, rebaixamento. 3. *fig.* Abatemento, decaemento, desfalecemento, esmorecemento, [prostración ou debilidade física]. *Sin. decaimiento, desfalecemento.* 4. *fig.* Abatemento, desalento, desánimo, desazo. 5. *Desaliento, desánimo. Ant. euforía.* 5. *Mar.* Abatemento, [ángulo que forma a quilla co rumbo real dunha nave].

abatir *v. tr.* 1. Abater, derrubar, [facer caer]. *Sin. derribar, derrumbar.* 2. Abater, [por ext., matar violentamente e provocando a caída ao chan da vítima]. 3. Abater, inclinar, deitar, tomar, [baixar unha cousa para a poñer horizontal]. 4. Abater, [facer perder o ánimo ou as forzas]. 5. Desarmar, desmontar. *Ant. montar.* 6. *v. tr. y pr. fig.* Humillar(se), abaixarse, baixarse, [abater o orgullo, a dignidade]. 7. *v. i.* Desnortarse, abater, [desviarse unha nave do seu rumbo]. *Sin. devalar, derriuar.* 8. *v. pr.* Abaterse, [perder as forzas ou os ánimos]. *Sin. desfallecer, desalentarse, desanimarse, postrarse, aplanarse.* 9. Abaterse, [baixar ou descender unha ave de rapina, ou unha cousa que está no aire, sobre unha presa ou á terra]. 10. Abaterse, derrubarse, [caer ao chan, vir abaixo]. *Sin. derrumbarse.*

abdicar *v. tr. e i.* Abdicar. *Sin. renunciar.*

abdomen *m.* 1. Abdome, [cavidade do corpo dos vertebrados, que contén as vísceras]. *Sin.*

vientre. 2. Abdome, [rexión do corpo de diversos animais situada a continuación do tórax ou do céfalotórax]. 3. Bandullo, barriga *f.*, panza *f.*, [ventre avultado do home ou da muller]. *Sin. barriga, panza, tripa.*

abedul *m.* Bidueiro, bido, bidueira *f.* (*Betula alba*).

abeja *f.* Abella (*Apis mellifera*), [insecto himenóptero].

abejorro *m.* 1. Abellón, abesouro, [insecto semellante á abella, pero máis grande e ruidoso ao voar]. *Sin. abejón.* 2. *fig.* Abesouro, [persoa pesada e impertinente].

abeto *m.* Abeto (*Abies* ou *Picea*).

abierto *-a adj.* Aberto.

abismo *m.* Abismo.

ablandar *v. tr. y pr.* 1. Abrandar *v. tr. e i.*, amolecer *v. tr. e i.*, amolentar *v. tr.*, [poñer ou poñerse branda unha cosa]. *Ant. endurecer.* 2. Abrandar *v. tr. e i.*, amolecer *v. tr. e i.*, amolentar *v. tr.*, [suavizar, facer minguar ou minguar a dureza, intransixencia ou severidade dunha persoa]. *Sin. disminuir. Ant. endurecer.* 3. *fig. v. i. y pr.* Abrandar *v. i.*, amainar *v. i.*, afrouxar *v. i.*, [diminuír a súa forza ou a súa intensidade o vento]. 4. *v. pr.* Acovardarse, afurricar.

abogar *v. i.* Avogar, interceder, mediar. *Sin. interceder, mediar.*

abolição *f.* Abolição, derogación. *Sin. derogación. Ant. instauración.*

abolir *v. tr.* Abolir, derogar. *Sin. derogar.*

aboladura *f.* Crocadura, aboladura.

abollar *v. tr.* 1. Abolar, crocar, [producir cun ou varios golpes unha depresión na superficie dunha cousa]. 2. *v. pr.* Abolarse, crocarse, [resultar algo cunha depresión na súa superficie a causa dun ou varios golpes].

abonar *v. tr.* 1. Aboar, acreditar, [certificar a autenticidade de algo]. *Sin. acreditar, garantir.* 2. Aboar, avaliar. 3. Aboar, pagar. *Sin. pagar.* 4. Fertilizar. 5. Aboar, [asentar no haber dunha conta]. 6. *v. tr. y pr.* Abonar(se), subscribir(se), [inscribir ou inscribirse mediante pagamento para poder gozar periodicamente dun servizo, dunha publicación etc.].

abono *m.* 1. Abono, abonamento, [acción de abonar ou abonarse e dereito adquirido

por quen se abona]. 2. Abono, [conxunto de entradas que se compran por xunto e que dan dereito ao uso dalgún servizo, á asistencia a un ou a varios espectáculos etc.]. 3. Abono, [documento en que consta o dereito de quen se abona a algunha cousa]. 4. Fertilizante, [produto con que se fertiliza a terra]. 5. Aboamento, [pago que se realiza pola compra de algo]. 6. Aboamento, garantía *f.*, [o que acredita algo]. *Sin. garantía.*

abordaje *m.* Abordaxe *f.*

aborrecer *v. tr.* 1. Anoxar, [abandonar o niño, os ovos ou as crías algúns animais, especialmente as aves]. 2. Aborrecer, anoxar, [sentir odio, noxo etc. por algo ou alguén]. *Sin. odiar.* 3. *v. pr.* Aborrecerse, aburrirse, fartarse.

abortar *v. i. y tr.* Abortar.

aborto *m.* Aborto.

abotonar *v. tr.* 1. Abotoar, abrochar, [introducir un botón no ollal]. *Sin. abrochar.* 2. *v. i.* Abotoar, abrochar, agromar, brotar, [botar botóns ou gromos as plantas].

abovedado *-a adj.* Abovedado.

abrasar *v. tr., i. y pr.* Abrasar(se).

abrazar *v. tr. y pr.* Abrazar(se).

abrazo *m.* Abrazo, aperta *f.*, apreixo.

abreviar *v. tr. e i.* Abreviar.

abreviatura *f.* Abreviatura.

abridor *m.* Abridor, [instrumento que abre latas, botellas etc.].

abrigar *v. tr. y pr.* Abrigar(se).

abrigo *m.* 1. Abrigo, abeiro, abrigadoiro, [refuxio ou amparo contra as inclemencias do tempo]. *Sin. amparo, refugio.* 2. Abrigo, [cousa que abriga ou protexe]. 3. Abrigo, [lugar protexido]. 4. Abrigo, gabán, [peza de vestir para se defender do frío]. 5. *fig.* Abrigo, amparo, auxilio [ks].

abril *m.* Abril (*pl.* abris), [cuarto mes do ano, de 30 días].

abrilantarse *v. tr.* Abriantarse.

abrir *v. tr., i. y pr.* Abrir(se).

abrochar *v. tr. y pr.* Abrochar. *Obs.* Este verbo non pode ser usado como pronominal en galego. *Ant. desabrochar(se).*

abrumar *v. tr.* 1. Arrelar, arrenlar, [fatigar a alguén con moito peso]. 2. *fig.* Abafar,

atafegar, [causar molestia por un exceso de atención, coidado etc.].

abrumar *v. pr.* Abonear *v. i.*, anebrar *v. i.*, [cubrirse de bruma ou néboa pouco espesa].

abrupto *-a adj.* 1. Abrupto, crebado, escabroso, escarpado, [dise do terreo ou camiño irregular ou moi pendente]. *Sin. escabroso, escarpado. Ant. llano, liso, plano.* 2. *fig.* Abrupto, [dise da persoa de carácter áspero, rudo, violento].

absolución *f.* Absolución.

absolver *v. tr.* Absolver.

absorber *v. tr.* Absorber.

abstención *f.* Abstención.

abstener *v. pr.* Absterse.

abstención *f.* Abstinencia.

abstraer *v. tr. y pr.* Abstraer(se).

absuelto *-a adj.* Absolto.

absurdo *-a adj. y m.* Absurdo.

abubilla *f.* Bubela, poupa (*Upupa epops*).

avolo *-a s. y pl.* Avó (*f.* avoa; *pl.* avós, avoas).

avultado *-a adj.* Avultado.

avultar *v. tr. e i.* Avultar.

abundancia *f.* Abundancia.

abundar *v. i.* Abundar.

aburrido *-a adj.* Aburrido. *Ant. ameno, divertido, entretenido.*

aburrimiento *m.* 1. Aburrimiento, fastío, tedio. *Sin. hastio, tedio. Ant. distracción, diversión.* 2. Aburrimiento, [cousa que aburre].

aburrir *v. tr. y pr.* 1. Aburrir(se). 2. *v. tr.* Aborrecer, [abandonar os ovos ou as crías algúns animais].

abusar *v. i.* Abusar.

abuso *m.* Abuso.

abusión *-ona adj. y s.* Abusión.

acá *adv. l.* Acá, acá. *Obs.* Pódese facer unha distinción entre *acó* e *acá* indicando co primeiro desprazamento (*venid para acá*, *estamos acá*, *estamos acá*), aínda que na fala tendan a empregarse un ou outro indistintamente.

acabar *v. tr.* 1. Acabar, rematar, terminar, concluir, dar fin. *Sin. concluir, finalizar, terminar. Ant. comenzar, empezar, iniciar, principiar.* 2. Acabar, consumir, esgotar, [chegar á última parte de algo]. 3. Acabar, [perfeccionar]. 4. *v. i.* Acabar, rematar, terminar, [ter unha cousa como parte

final algo que se expresa]. *Sin. terminar*. 5. Acabar, morrer. 6. *v. i. y pr.* Acabar(se), rematar(se), terminar(se), ter fin. 7. Acabar, extinguirse. 8. Acabar, [formando perífrases con *de* mais infinitivo, indica que ocorreu hai pouco tempo].

academia *f.* Academia.

acaecer *v. i.* Acaecer, suceder, ocorrer, [pasar algo]. *Sin. ocurrir, suceder*.

acallar *v. tr. i.* Acalar, [facer calar]. *Sin. silenciar*. 2. *fig.* Sosegar, acalantar. *Sin. aplacar, aquietar, calmar, sosegar*.

acantilado -a *adj.* 1. Acantilado, [dise do terreo abrupto]. 2. Acantilado, [dise do fondo do mar cando forma cantís]. 3. *m.* Acantilado, baixío, [terreo escarpado de forte pendente, especialmente na costa].

acaparar *v. tr.* Acaparar.

acariciar *v. tr. i.* Acariciar, acaríñar, agarimar, aloumiñar, [facer caricias ou aloumiños]. 2. *fig.* Acaríñar, agarimar, aloumiñar, [tratar con cariño]. 3. *fig.* Acariciar, acaríñar, agarimar, aloumiñar, [tocar ou rozar suavemente unha cousa a outra]. 4. Acariciar, [esperar que se faga realidade algo desexado].

acarrear *v. tr. i.* Carrexar, carrear, carretar, [transportar algo en carro]. 2. Carrexar, carrear, carretar, [por ext., transportar en calquera outro medio]. 3. *fig.* Carrexar, carrear, ocasionar, [traer como consecuenca]. *Sin. causar, ocasionar*.

acaso *m. i.* Acaso, casualidade *f.*, azar. 2. *adv. d.* Acaso, quizais, quizabes, quizá, quizás, talvez. 3. *adv. m.* Acaso, [por casualidade]. *Obs.* Empregase en construcións interrogativas.

acatar *v. tr.* Acatar. *Ant. desacatar*.

acatarrar *v. tr. y pr.* Acatarrar(se).

acceder *v. i.* Acceder.

accidente *m.* Accidente.

acción *f.* Acción.

accionar *v. tr. i.* Accionar, activar. *Sin. activar*. 2. *v. i.* Acenar, xesticular, [facer xestos ou acenos para chamar a atención sobre algo, dar a entender algunha cousa etc.].

acebo *m.* Acívoro, acivo, acevoro, acevo (*Ilex aquifolium*). *Sin. agrifolio, aquifolio*.

acechar *v. tr.* Asexar, axexar, asalar, espreitar, abesullar, espíar.

acecho *m.* Asexo, axexo, espreita, esculca.

acedar *v. tr. y pr. i.* Acedar(se), agrear(se), [tomar ou volverse aceda unha cousa]. 2. *fig.* Acedar(se), agrear(se), desgustar(se). ♦ *Sin. agrir(se)*.

acedia¹ *f.* 1. Acedume *m.*, acidez, [calidade de acedo]. 2. Acedía, acía, [malestar no estómago producido polo exceso de ácidos].

acedia² *f.* 1. Acedía (*Dicologoglossa cuneata*), [peixe mariño semellante ao linguado, pero máis miúdo e de inferior calidade]. 2. Solla (*Platichthys flesus*). *Sin. platiija*.

acedo -a *adj.* 1. Acedo, ácido, agre (*invar. x.*). *Sin. ácido*. 2. *fig.* Acedo, ácido, agre (*invar. x.*), amargo, [carente de amabilidade]. ♦ *Sin. agrio*.

acelerar *v. tr. y pr.* Acelerar(se).

acelga *f.* Acelga (*Beta vulgaris*).

acento *m.* Acento.

acentuación *f.* Acentuación.

acentuar *v. tr. y pr.* Acentuar(se).

acepción *f.* Acepción.

aceptar *v. tr.* Aceptar.

acera *f.* Beirarrúa.

acerca *de loc. prep.* Acerca de, en canto a, sobre. *Sin. en cuanto a, sobre*.

acercar *v. tr. y pr. i.* Acercar(se), achegar(se), [poñer ou poñerse cerca ou a menor distancia, no espazo e no tempo]. *Ant. alejar*. 2. *fig.* Acercar(se), achegar(se), [aproximar ou aproximárense cousas inmatériaes]. 3. *v. pr.* Acercarse, aproximarse, [estar a punto de suceder algo]. ♦ *Sin. aproximar(se)*.

acero *m.* Aceiro.

acertar *v. tr. i.* Acertar, atinar, [dar coa solución, lograr saber algo]. 2. Acertar, atinar, [dar no punto ao que se dirixe unha cousa]. *Ant. equivocac, errar, fallar*. 3. *v. i.* Acertar, atinar, dar en. *Ant. errar, fallar*. 4. Acertar, atinar, [chegar a saber con certeza algo, ou onde está algo que se procuraba].

5. Acertar, atinar, [hacer algo con acierto]. 6. Acertar, cadrar, coincidir, [darse a casualidade ou suceder por casualidade].

achacar *v. tr.* Achacar. *Sin. imputar*.

achacoso -a *adj.* Achacoso, cáncamo (*col.*).

achantar *v. tr. i.* Achicar, [acovardar a alguén]. 2. *v. pr.* Achantar *v. i.*, [calar resignadamente e sen protestar]. 3. Esconderse, agacharse, agocharse.

achaque *m. i.* Achaque, alifafe, [doenza habitual de pouca gravidade]. *Sin. alifafe*. 2. Achaque, defecto, [fallo ou vicio]. 3. Escusa *f.*, desculpa *f.*, pretexto. *Sin. excusa, pretexto*.

achatar *v. tr. y pr.* Achatar *v. tr.* *Obs.* Este verbo non ten en galego un uso pronominal.

achicar *v. tr. y pr.* Achicar(se).

achicoria *f.* 1. Chicoria (*Chicoria intybus*), [planta das compostas]. 2. Chicoria, [substancia que se obtén das raíces desta planta, usada en lugar do café].

achispado -a *adj.* Chispo, alusado, acamballado, pifado, contento, [medio ebrio].

aciago -a *adj.* Aciago, desgraciado, desafortunado. *Sin. desafortunado, desgraciado*.

Ant. dichoso, feliz.

acicalar *v. tr. y pr. i.* Acicalar(se), enfeitar(se), [preparar ou prepararse para lucir o mellor aspecto posible]. *Está acicalándose*. Está acicalándose. *Obs.* Este verbo non debe ser usado en galego se o obxecto directo está presente na frase de xeito lexicalizado. 2. *v. tr.* Acicalar, [unha parede]. 3. Brunir, lustrar, abrillantar, acicalar, [as armas].

acidez *f.* Acidez.

ácido -a *adj.* 1. Ácido, acedo, [de sabor agre]. *Sin. acedo*. 2. *m.* Quím. Ácido.

acierto *m. i.* Acerto, [acción e efecto de acertar]. *Ant. desacierto, equivocación*. 2. Acerto, habilidade *f.*, cordura *f.*, tino. 3. Acerto, casualidade *f.*

aclamar *v. tr.* Aclamar.

aclalar *v. tr., i. y pr.* Aclarar(se).

acné *amb. (prefer. m.)* Acne *f.*

acobardar *v. tr. y pr.* Acovardar(se), amedrentar(se). *Sin. amedrentar(se), atemorizar(se)*.

acogedor -ora *adj.* Acolledor.

acoger *v. tr. y pr.* Acoller(se).

acogida *f.* Acollida, acollemento *m.*, [acción e efecto de acoller]. *Sin. acogimiento*.

acompañamiento *m. i.* Acompañamento, [acción e efecto de acompañar]. 2. Acompañamento, comitiva *f.*, [conxunto de persoas ou cousas que acompañan]. *Sin. comitiva*. 3. *Mús.* Acompañamento, [conxunto de sons que forman a harmonía dunha melodía].

acompañar *v. tr. y pr.* Acompañar(se).

acomplejado -a *adj. y s.* Acomplexado [ks].

acomplejar *v. tr. y pr.* Acomplexar(se) [ks].

acondicionar *v. tr.* Acondicionar.

aconsejar *v. tr. y pr.* Aconsellar(se), consellar(se).

acontecer *v. i.* Acontecer, ocorrer, suceder. *Sin. suceder, ocurrir*.

acontecimento *m.* Acontecemento.

acordanza *f. i.* Acordanza, lembranza, recordo *m.* *Sin. recuerdo*. 2. Acordanza, recordo *m.* *Sin. acuerdo*.

acordar *v. tr. i.* Acordar, determinar, [tomar acordos]. 2. Acordar, [determinar ou resolver algo]. 3. Acordar, [afinar voces ou instrumentos musicais]. 4. Acordar, lembrar, recordar, [traer algo á memoria de alguén]. *Sin. recordar*. 5. *v. tr. y pr.* Acordar(se), lembrar(se), recordar, [traer á memoria, vir ou ter na memoria].

acordonar *v. tr.* Acordoar.

acornear *v. tr.* Cornear, [darlle un animal unha cornada a outro ou a unha persoa].

acorralar *v. tr. i.* Acurrallar, encurrallar, [meter no curral]. 2. *fig.* Acurrallar, encurrallar, [deixar a alguén sen escapatoria]. 3. *fig.* Acurrallar, encurrallar, [deixar a alguén sen saber que dicir ou facer].

acortar *v. tr. y pr.* Acurtar(se). *Sin. reducir(se)*. *Ant. aumantar, prolongar(se)*.

acosar *v. tr. i.* Acosar, [perseguir sen descanso]. 2. *fig.* Acosar, abafar, [molestar ou agoniar cunha pretensión, petición etc.]. *Sin. importunar, molestar*.

acoso *m.* Acoso.

acostar *v. tr. y pr. i.* Deitar(se), [meter ou meterse na cama]. 2. Deitar(se), [poñer ou poñerse en posición horizontal sobre unha superficie]. 3. *v. pr. fig.* Deitarse, [facer o amor con alguén]. 4. *v. i.* Inclínarse, ladearse.

acostumar *v. tr. y pr. i.* Acostumar(se), afacer(se), avezar(se), habituar(se), [facer adquirir ou adquirir costume ou hábito]. *Sin. habituar(se)*. *Ant. desacostumar(se), deshabituar(se)*. 2. *v. i.* Acostumar, adoitarse, [facer costume de algo]. 3. *v. pr.* Acostumarse, afacerse, [pórse en harmonía cunha circunstancia, costume etc.]. *Sin. habituar(se)*.

acreditor -ora *adj. y s.* Acreditor.

acta *f.* Acta.

actitud *f.* Actitude.
actividad *f.* Actividade.
acto *m.* Acto.
actor *m.* Actor.
actriz *f.* Actriz.
actuación *f.* Actuación.
actual *adj.* Actual (*pl.* actuais).
actualidad *f.* Actualidade.
actualizar *v.* Actualizar.
actuar *v.* *tr.* e *i.* Actuar.
acuarela *f.* Acuarela.
acuario *m.* Acuario.
Acuario *m.* 1. Acuario, [constelación]. 2. Acuario, [signo do zodíaco]. 3. *adj.* y *s.* Acuario, [(dise da) persoa nacida baixo este signo]. *Obs.* Escríbese con minúscula.
acuchillamento *m.* Acoitelamento.
acuchillar *v.* *tr.* 1. Acoitelar, apuñañar, [ferir ou matar cun coitelo ou con outra arma branca]. *Obs.* En galego emprégase tamén o verbo *anavallar* cando a acción se realiza con navalla. 2. Pasarlle a coitela a, [traballar un moble ou unha superficie de madeira coa coitela para os alisar].
acucillar *v.* *pr.* Anicarse, anesgarse, encruncharse. *Sin.* *agacharse*.
acudir *v.* *i.* 1. Acudir, [ir a un sitio]. 2. Acudir, auxiliar [ks], valer, [socorrer a alguén]. *Sin.* *auxiliar, ayudar, socorrer, valer*. 3. Acudir, [recurrir a algo ou alguén, valerse del para alcanzar un fin]. *Sin.* *recurrir*.
acueducto *m.* Acueduto.
acuerdo *m.* Acordo.
acullá *adv.* *l.* Acolá, [indica o lugar máis afastado do falante].
acumular *v.* *tr.* y *pr.* Acumular(se), amontoar(se), amorar(se). *Sin.* *amontonar(se)*.
acunar *v.* *tr.* 1. Arrolar, abalar, abarrelar, [abanar o neno no berce para que durma]. 2. Arrolar, [abanar o neno nos brazos para que durma].
acuñar¹ *v.* *tr.* 1. Acuñar, calzar, [poñerlle unha ou varias cuñas a algo]. 2. *fig.* Acuñar, encharfar, recomendar. *Sin.* *recomendar*.
acuñar² *v.* *tr.* Cuñar, cruñar, [unha moeda, un certificado, unha expresión].
acurrucar *v.* *pr.* Acurruncharse, acuruxarse, aruncharse, engruñarse, [encoller o corpo para se esconder, protexer etc.].

acusación *f.* Acusación.
acusar *v.* *tr.* y *pr.* Acusar(se).
adaptar *v.* *tr.* y *pr.* Adaptar(se).
adecuado *-a adj.* Adecuado, axeitado, idóneo, indicado. *Sin.* *idóneo, indicado*. *Ant.* *inadecuado*.
adelantamiento *m.* Adiantamento.
adelantar *v.* *tr.*, *i.* y *pr.* Adiantar(se).
adelante *adv.* e *interj.* Adiante.
adelanto *m.* Adianto. *Ant.* *atraso*.
adelgazar *v.* *tr.* 1. Adelgazar. 2. *v.* *i.* y *pr.* Adelgazar *v.* *i.*, enfracuquer, enmagrecer, [pórse delgado, perder peso]. *Sin.* *enfracuquer*. ♦ *Obs.* En galego non é correcto o emprego deste verbo como pronominal. *Ant.* *engordar*.
ademán *m.* 1. Ademán, [movemento]. 2. *pl.* Maneiras *f.* *pl.*, modos, [comportamento dunha persoa coas demais]. *Sin.* *modales*.
ademais *adv.* *c.* Ademais, amais.
aderezar *v.* *tr.* y *pr.* 1. Aderezar(se), [adornar ou adornarse con aderezos]. 2. Aderezar(se), adobiar(se), [preparar ou prepararse coidadosamente]. 3. *v.* *tr.* Aderezar, adobar, sazónar, [comentar os alimentos con adobos ou aderezos para os cocíñar]. *Sin.* *adobar, condimentar, sazonar*.
adherir *v.* *tr.*, *i.* y *pr.* Adherir(se).
adición *f.* Adición.
adición *f.* Adición.
adicto *-a adj.* y *s.* Adicto.
adiestramiento *m.* Adestramento.
adiestrar *v.* *tr.* 1. Adestrar, [facer a unha persoa ou animal destro ou hábil nalgunha práctica]. *Sin.* *amaestrar* (aplicado a un animal). 2. *v.* *pr.* Adestrarse, exercitarse, [realizar exercicios para resultar destro ou hábil nun deporte ou actividade]. *Sin.* *exercitarse*.
adiós *interj.* 1. Adeus, abur, [fórmula de despedida]. *Sin.* *abur, agir*. 2. *m.* Adeus, despedida *f.* *La hora del adiós*. A hora do adeus.
adivinanza *f.* Adiviña, adiviñanza.
adivinar *v.* *tr.* 1. Adiviñar, augurar, [predicir o futuro]. *Sin.* *augurar, predicir*. 2. Adiviñar, intuír, presentar, [descubrir por conxecturas o que non se sabe]. *Sin.* *intuir, presentir*. 3. *fig.* Adiviñar, albiscar. *Sin.* *vislumbrar*. 4. Adiviñar, descifrar, descubrir, [acertar un enigma]. *Sin.* *descifrar, descubrir*.

adivino *-a adj.* y *s.* Adivino.
adjetivo *-a adj.* y *m.* Gram. Adxectivo.
adjudicar *v.* *tr.* y *pr.* Adxudicar(se).
administración *f.* Administración.
administrar *v.* *tr.* y *pr.* Administrar(se).
admiración *f.* 1. Admiración. 2. Exclamación, [signo ortográfico (¡)].
admirador *-ora adj.* y *s.* Admirador.
admirar *v.* *tr.* y *pr.* Admirar(se).
admitir *v.* *tr.* Admitir.
adobar *v.* *tr.* 1. Adobar, adubar, [pór en adobo ou botar adobo]. 2. Adobar, adubar, curtir, [preparar os coiros e peles para que se conserven e non podrezan].
adobe *m.* Adobe, [masa de barro mesturado con palla e secado ao aire que se emprega na construción].
adobo *m.* 1. Adobo, adubo, [acción e efecto de adobar]. 2. Adobo, adubo, [conxunto de condimentos para conservar ou darlles sabor ás carnes e aos peixes]. 3. Aderezo, aliño. 4. Adobo, [mestura de ingredientes para curtir as peles ou darlles corpo ás teas]. 5. Adobío, aderezo, afeite, enfeite. *Sin.* *afeite*.
adoctrinar *v.* *tr.* Adoutrinar.
adolecer *v.* *i.* 1. Adoecer, enfermar, [caer enfermo]. *Sin.* *enfermar*. 2. Pecer de. 3. Padeecer de. 4. Carecer de. 5. *v.* *pr.* Condoerse, compadecerse.
adolescente *adj.* y *s.* Adolescente.
adopción *f.* Adopción.
adoptar *v.* *tr.* 1. Adoptar, porfillar, [tomar ou recibir como fillo a quen non o é naturalmente]. *Sin.* *prohijar*. 2. Adoptar, [adquirir e tomar como propia unha opinión, unha doutrina, un costume etc.]. 3. Adoptar, [tomar, con previa deliberación, unha decisión ou un acordo]. 4. Adoptar, [adquirir unha forma determinada].
adoquín *m.* 1. Lastro, [pedra en forma de prisma rectangular que se emprega para pavimentar as rúas]. 2. *col.* Parvo (*f.* parva), mamalón (*f.* mamalona), [persoa moi torpe ou ignorante].
adorar *v.* *tr.* e *i.* Adorar.
adormecer *v.* *tr.* 1. Adormentar, adurmiñar, [producir sono, facer durmir a alguén]. 2. *fig.* Adormentar, [facer perder a viveza das sensacións ou dos sentimentos]. 3. *v.* *pr.* Adormecer *v.* *i.*, [empezar a durmir, sentir cada vez máis sono]. 4. Adormecer *v.* *i.*, [perder o movemento ou a sensibilidade dun membro].
adornar *v.* *tr.*, *i.* y *pr.* Adornar(se).
adorno *m.* Adorno, adobio, afeite, enfeite, [aquilo que serve para facer máis fermosa unha persoa ou unha cousa].
adquirir *v.* *tr.* Adquirir.
adrede *adv.* *m.* Adrede, á mantenta, a propósito, [con deliberada intención]. *Sin.* *a propósito*.
aduana *f.* Aduana, alfándega.
adulador *-ora adj.* y *s.* Adulador, afagador, loamífeiro.
adular *v.* *tr.* Adular, afagar.
adulterar *v.* *tr.* y *pr.* Adulterar(se).
adulterio *m.* Adulterio.
adulto *-a adj.* y *s.* Adulto.
adverbio *m.* Gram. Adverbio.
adversario *-ría adj.* y *s.* Adversario.
adversidad *f.* Adversidade.
advertencia *f.* Advertencia.
advertir *v.* *tr.* e *i.* Advertir.
aéreo *-a adj.* Aéreo.
aeropuerto *m.* Aeroporto.
aerosol *m.* Aerosol (*pl.* aerosois).
afable *adj.* Afábel (*pl.* afábeis), afable. *Ant.* *arisco*.
afamado *-a adj.* Afamado, famoso. *Sin.* *afamoso*.
afán *m.* 1. Afán, ansia *f.*, arela *f.*, devezo, [dexexo moi intenso]. *Sin.* *anhelo*. 2. Afán, ansia *f.*, interese, entusiasmo. *Sin.* *abínco*.
afanar *v.* *i.* y *pr.* 1. Afanarse, [realizar unha actividade ou traballo con moita ansia ou interese]. 2. *v.* *tr.* Furtar, roubar. *Sin.* *hurtar, robar*.
afección *f.* 1. Afección, [alteración dun órgano]. 2. Afección, [alteración ou cambio que causa unha cousa noutra].
afectar *v.* *tr.* e *i.* 1. Afectar. 2. *v.* *pr.* Emocionarse, sentir.
afecto¹ *m.* Afecto, [sentimento].
afecto² *-a adj.* Afecto.
afectuosamente *adv.* Afectuosamente.
afectar *v.* *tr.* y *pr.* 1. Afectar(se), barbear(se), rasurar(se), [cortarlle a barba a alguén ou cortala un mesmo]. *Obs.* Cando o obxecto

directo vai expreso, non pode ser usado como pronominal. *Sin. rasurar(se)*. 2. Enfeitar(se), acicalar(se), adornar(se), preparar(se). 3. *v. tr.* Afeitar, [cortar o pelo a rentes, e por ext. o de calquera outra parte do corpo]. 4. Afeitar, demoucar, podar. *Sin. podar*.

afeite *m.* 1. Afeite, enfeite, adobío, adorno. 2. Afeite, enfeite, cosmético.

afeminado *-a adj. y m.* Efeminado, amullerado.

afianzar *v. tr.* 1. Afianzar, afuzar, avalar, [dar fianza, responder por alguén]. *Sin. avalar*. 2. Afianzar, [darlle máis firmeza, seguridade ou consistencia a algo]. 3. *v. tr. y pr.* Afianzar(se), [facer ou facerse máis seguro ou firme]. *Sin. confirmar(se), afirmar(se)*. 4. Afianzar(se), [conferir, ou adquirir, máis certeza ou seguridade en algo]. *Sin. confirmar(se), afirmar(se)*.

afición *f.* 1. Afeción, [inclinación por algo]. 2. Afeción, afán *m.*, empeño *m.*, entusiasmo *m.* 3. Afeción, [conxunto de afeccionados a algo].

aficionado *-a adj. y s.* Afeccionado, aficionado.

aficionador *v. tr. y pr.* Afeccionar(se).

afilado *-a adj.* Afiado.

afilalápices *m. V. sacapuntas*.

afilar *v. tr.* 1. Afiar, [sacarlle fio a un coitelo, ferramenta etc. para que corte mellor]. 2. Afiar, aguzar, [sacar punta ou facela máis aguda]. 3. *fig.* Aguzar, afinar, [facer máis agudo o entendemento ou os sentidos]. *Sin. aguzar*.

afinar *v. tr. y pr.* 1. Refinar(se), [facer ou facerse máis fina unha persoa]. *Sin. refinar(se)*. 2. *v. tr.* Afinar, [perfeccionar, poñer a punto]. 3. Afinar, [purificar metais]. 4. Afinar, [un instrumento musical]. *Ant. desafinar*. 5. *v. i.* Afinar, [cantar ou tocar nun determinado ton]. *Ant. desafinar*.

afirmación *f.* Afirmación.

afirmar *v. tr.* 1. Afirmar, asegurar, [poñer unha cousa firme e segura, darlle firmeza]. *Sin. asegurar*. 2. Afirmar, [asegurar algo, dicir que é verdade]. *Sin. asegurar. Ant. negar*. 3. *v. pr.* Afirmarse, fincarse, porfiar, [ratificarse no dito].

aflicción *f.* Aflicción, aflicimento *m.*, pena. *Sin. pena*.

afligir *v. tr. y pr.* Aflixir(se), contristar(se), desconsolar(se). *Sin. apesavar(se), desconsolar(se). Ant. alegrar(se), consolar(se)*.

aflojamento *m.* Aflojamento.

aflojar *v. tr.* 1. Afrouxar, [poñer máis frouxo]. 2. *col.* Soltar, dar, [entregar unha persoa diñeiro ou outra cousa sen moita vontade para o facer]. 3. *v. pr.* Afrouxar *v. i.*, [poñerse frouxo ou máis frouxo].

aflorar *v. i.* Aflorar.

afluencia *f.* Afluencia.

afluente *adj. y m.* Afluente.

afluir *v. i.* Afluír.

afonía *f. Medic.* Afonía, rouquén.

afónico *-a adj.* Afónico, rouco, roufeño.

afrenta *f.* 1. Afronta, aldraxe, ultraxe, ofensa. *Sin. ultraxe*. 2. Perigo.

afrentar *v. tr.* 1. Afrontar, aldraxar, ultraxar, [causarlle afronta a alguén]. *Sin. ultraxar*.

2. *v. pr.* Avergoñarse, avergonzarse.

afrontar *v. tr.* 1. Afrontar, encarar, [facer fronte a perigos, dificultades etc.]. *Ant. evi-tar*. 2. Afrontar, [facerlle fronte a alguén]. 3. Enfrontar, encarar, [poñer cara a cara].

afuera *adv. l.* 1. Fóra, [no exterior]. 2. *f. pl.* Aforas, alfoz *m.*, arrabalde *m.*, arredores *m. pl.* *Sin. alrededores*.

agachar *v. tr.* 1. Agachar, [inclinou ou baixar unha parte do corpo, especialmente a cabeza]. 2. *v. pr.* Agacharse, [encollerse dobrando o corpo cara ao chan].

agalla *f.* 1. Bugallo *m.*, bugalla, bailareta *m.*, carrabouxa, carrabouxo *m.*, [excrecencia arredondada do carballo e outras árbores]. 2. Guerla, guelra, galada, [cada unha das branquias que constitúen o órgano respiratorio dos animais acuáticos]. 3. Amígdala, anxina. *Obs.* Adóitáuse usar en plural. 4. *pl.* Rixo *m.*, afouteza, valor *m.*, bríos *m. pl.*

agarrada *f.* Agarrada, agarra, liorta, [discusión violenta, enfrontamento físico ou verbal]. *Sin. altercado, disputa*.

agarradero *m.* 1. Agarra *f.*, agarradoira *f.*, [asa ou cousa que serve para agarrar]. 2. *pl.* *fig.* Cuiña *f.*, influencia *f.*, recomendación *f.* *Sin. influencia*.

agarrar *v. tr.* 1. Agarrar, aprexar, [asir fortemente coa man ou con calquera parte do corpo]. *Obs.* Cando a acción a realiza un

animal coas poutas tamén se di *apoutar*. 2. Agarrar, coller, tomar, [suxeitar unha cousa na man]. 3. Agarrar, apañar, pillar, [contraer unha enfermidade, un costume, un vicio etc.]. 4. *v. i.* Agarrar, prender, [botar raíces as plantas]. 5. *v. pr.* Agarrarse, apreixarse, [suxeitarse con forza]. 6. Agarrarse, [pelexar, ter unha agarrada]. 7. Pegarse, [referido á comida].

agasajar *v. tr.* 1. Agasallar, [tratar con atención expresiva e cariñosa]. 2. Agasallar, [obsequiar un agasallos ou mostras de afecto e consideración]. ♦ *Sin. obsequiar*.

agasajo *m.* 1. Agasallo, [acción de agasallar]. 2. Agasallo, regalo, obsequio, [mostra de afecto ou consideración]. *Sin. obsequio, regalo*.

ágota *f.* Ágota.

agavillar *v. tr.* Amonllar, [facer mollos, particularmente co cereal segado].

agazapar *v. pr.* Acazaparse, acachouparse, amoucharse, [agocharse poñéndose detrás de algo para se ocultar].

agencia *f.* Axencia.

agenda *f.* Axenda.

agente *adj. y s.* Axente.

ágil *adj.* Áxil (*pl.* áxiles).

agilidad *f.* Axilidade.

agilizar *v. tr. y pr.* Axilizar(se).

agitación *f.* Axitación.

agitar *v. tr. y pr.* 1. Axitar(se), abalar(se), abanar(se), abanear(se), [mover, ou moverse, repetidamente dun lado para outro]. 2. *fig.* Axitar(se), desencougar(se), excitar(se), [causar, ou sentir, axitación, inquietude ou excitación]. *Sin. excitar(se), inquietar(se)*. *Ant. calmar(se)*. 3. *v. tr.* Remexer, revolver, mexer, [remover un líquido para mesturar os seus compoñentes]. 4. Axitar, [provocar a inquietude política ou social].

aglomerar *v. tr. y pr.* Aglomerar(se).

aglutinar *v. tr. y pr.* Aglutinar(se).

agonía *f.* Agonía.

agonizar *v. i.* Agonizar.

agorero *-a adj. y s.* Agoireiro, agoirador.

agostar *v. tr.* 1. Agostar, murchar, secar, [facerlle perder a humidade a unha planta ou vexetal]. *Sin. secar*. 2. *fig.* Mirrar, murchar, [debilitar as forzas físicas ou morais dunha persoa]. 3. Agostar, [arar no mes de agosto

a terra para que sequen as malas herbas]. 4. *v. pr.* Agostarse, [perder a humidade unha planta ou vexetal a causa da calor].

agosto *m.* Agosto, [cautivo mes do ano, de 31 días].

agotador *-ora adj.* Esgotador.

agotamiento *m.* Esgotamento.

agotar *v. tr. y pr.* Esgotar(se).

agraciado *-a adj. y s.* Agraciado.

agradable *adj.* Agradábel (*pl.* agradábeis), agradable. *Ant. desagradable*.

agradar *v. i.* Agradar, complacer, gustar, pracer. *Sin. complacer, gustar. Ant. aborrecer, desagradar*.

agradecer *v. tr.* Agradecer.

agradecimiento *m.* Agradecemento.

agrado *m.* Agrado.

agrandar *v. tr. y pr.* Agrandar(se).

agravante *adj. 1.* Agravante. 2. *amb.* Agravante *f. Ant. atenuante*.

agravar *v. tr. y pr.* Agravar, [poñer ou poñerse máis grave].

agraviar *v. tr.* Agraviar, afrontar. *Sin. afrentar, ofender. Ant. desagruviar*.

agravio *m.* Agravio, afronta *f.*, ofensa. *Sin. afrenta, ofensa. Ant. desagravio*.

agredir *v. tr.* Agredir.

agregar *v. tr. y pr.* Agregar(se).

agresión *f.* Agresión.

agriar *v. tr. y pr.* 1. Agrear(se), acedar(se), [pór ou pórsse agre]. 2. *v. tr.* *fig.* Agrear, [exasperar os ánimos].

agricultura *f.* Agricultura.

agrietar *v. tr.* 1. Gretar, regañar, [abrir unha ou máis gretas]. 2. *v. pr.* Gretarse, regañarse, [abrirse algo en gretas ou regañas].

agrijo (*fig. agria*) *adj. 1.* Agre (*invar. x.*), accedo, [de sabor semellante ao do limón ou do vinagre]. 2. *fig.* Agre (*invar. x.*), accedo, recio, intratábel (*pl.* intratábeis), intratable, [de mal carácter]. 3. Agre (*invar. x.*), accedo, [que fere ou produce desasosego].

agro *m.* Agro, [terra de labranza].

agrupar *v. tr. y pr.* Agrupar(se), *Sin. reunir(se), unir(se), juntar(se). Ant. dispersar(se)*.

agua *f.* H₂O. Auga, agua.

aguacate *m.* 1. Aguacate (*Persea gratissima*), [árbore]. 2. Aguacate, [fruta desta árbore]. 3. Aguacate, [tipo de esmeralda].